

CONCELLO DE VIGO  
 INTERVENCIÓN XERAL  
 E  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

**INFORME SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2018**

**Expediente nº: 47/142**

En execución das directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda relativas a formación do estado de gastos, ingresos, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para a formación das Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2018, elabórase os devanditos estados, xustificando en cada caso a obtención das contías de cada un dos capítulos dos estados de gastos e ingresos e da situación do endebedamento.

*Normativa*

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 1 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5EC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 2 de 31

Expediente 47/142

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5EC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO  
 INTERVENCIÓN XERAL  
 E DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Directiva 2011/85/EU, do Consello, de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros. Expediente 47/142

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para dar cumprimento a remisión de información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2017.

*Antecedentes*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, abriu a plataforma para a remisión da información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2018, permanecendo en estado de incorporación de información ata as 24,00 horas do día 14/09/2017.

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, en adiante (LOEoSf), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro defínese máis abaixo, que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 3 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5EC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
E DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

*Contido da información a subministrar*

As liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea e polo menos a seguinte información:

- a) Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean.
- b) Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculado conforme a normas do sistema europeo de contas.
- c) Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas.
- d) Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente.
- e) Modificacións significativas nos criterios de orzamentación que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.
- f) Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do plan orzamentario a medio prazo establecido no artigo 6 da devandita Orde. No caso de producirse tales diferenzas, debe procederse á remisión da información actualizada relativa ao devandito plan orzamentario.
- g) O estado de previsión de movemento e situación da débeda.
- h) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda.

CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
E DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

*Principios básicos das liñas fundamentais do orzamento.*

O Orzamento baséase no cumprimento de forma integrada dos seguintes principios:

**Equilibrio Orzamentario:** Os recursos que se xeren teñen que ser suficientes para financiar os gastos de cada exercicio económico.

**Estabilidade Orzamentaria:** A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos do Concello de Vigo deberán dar como resultado unha situación de equilibrio ou superávit estrutural.

**Sustentabilidade Financeira:** Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na LOEoSF, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

**Planificación económica:** As políticas de gasto público deberán encadrarse nun Plan de planificación plurianual, programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A Planificación orzamentaria basearase no escenario marco-orzamentario máis probable ou nun escenario máis prudente. Sobre este extremo, xa foi remitido nos prazos legais previstos o Marco Orzamentario do período 2018-2020 e asinado en data 08/03/2017, nº rexistro 2017-00144220-E, sobre o que se sustancia agora as liñas fundamentais do orzamento.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 4 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5FC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO  
 INTERVENCIÓN XERAL  
 E  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

*Perímetro de consolidación*

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

- Entidade local principal .
- Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.
- Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local. En este sentido no Inventario de Entes do Sector Público, o Concello de Vigo ten como entes dependentes os Organismo Autónomos seguintes:

Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

Así mesmo, o Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente, existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica crease o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 5 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5FC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 6 de 31

Expediente 47/142

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5FC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO

INTERVENCIÓN XERAL

E

DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A participación no Consorcio Casco Vello de Vigo é minoritaria, representa o 10% da totalidade das achegas, formando parte do perímetro de consolidación do Orzamento da Xunta de Galicia.

No inventario de entes está engadido no perímetro de consolidación a Fundación Museo de Arte Contemporáneo (MARCO), polo que se toma en consideración aos efectos de consolidación de estados.

En consecuencia co anterior, as sociedades mercantís e o CCVV, non forman parte do perímetro de consolidación.

O perímetro de Consolidación establecido para o Concello de Vigo, queda limitado á Entidade Local e o Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e a Fundación MARCO.

O financiamento da Fundación MARCO é maioritariamente a cargo do Concello, financiando case o 70% do seu orzamento, polo que, a consolidación non vai ter repercusión algunha, xa que hai que anular a transferencia corrente que se fai á Fundación.

Aínda estando actualmente no Inventario de Entes do Sector Local e cualificada como un ente dependente do Concello de Vigo, formando parte do seu perímetro de consolidación, non se inclúe a Fundación FAIMEVI por estar a esta data en proceso de liquidación acordada polo Patronato por imperativo legal (apartado 2 da Disposición adicional 9ª da Lei 7/1985, pola modificación operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro), proceso que xa levou ao despido dos traballadores e que ten que rematar neste ano, quedando polo tanto xustificada a non inclusión da mesma nas liñas fundamentais do orzamento para o ano 2018.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 7 de 31

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
E DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

*Obxectivos de cumprimento da regra do gasto, estabilidade e endebedamento, trienio 2018-2020*

Conforme ao previsto no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o Consello de Ministros en sesión do 7 de xullo de 2017, fixou os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2018-2020 e o límite de gasto non financeiro do SPL para o devandito período, o Pleno do Congreso dos Deputados e do Senado, en sesións do 11 e 12 de xullo de 2017 respectivamente, aprobaron a proposta formulada polo Consello de Ministros.

OBXECTIVO	ANOS		
	2018	2019	2020
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) AC	-0,70%	-0,30%	0,00%
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) SS	-1,10%	-0,90%	-0,50%
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) CCAA	-0,40%	-0,10%	0,00%
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) EELL	0,00%	0,00%	0,00%
Total	-2,20%	-1,30%	-0,50%
Débeda Pública para o Conxunto de Entidades Locais	2,70%	2,60%	2,50%
Débeda Pública para o Conxunto das CCAA	24,10%	23,30%	22,40%
Débeda Pública para AC	70,80%	69,50%	67,60%
Débeda pública total	97,60%	95,40%	92,50%
Taxa de referencia de variación do PIB (para o cálculo do gasto non financeiro TRCPIB)	2,40%	2,70%	2,80%



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 8 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5EC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
E DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

*Orzamento de partida aos efectos de fixar as liñas fundamentais*

Ao obxecto de dar cumprimento á información solicitada, pártese da situación da Liquidación Orzamentaria do ano 2016, aprobada polo Sr. Alcalde Presidente por Resolución de data 7/02/2017 (Expediente 42/143), da que se deu conta ao Pleno na Sesión do 22/0/2018, que xa foi enviada ao MINHAR, e do Orzamento para o ano 2017 aprobado con carácter definitivo polo Pleno da Corporación en sesión do 27/12/2015, sendo polo tanto as bases de cálculo citadas un instrumento obxectivo, sempre dentro da variación da TRCPIB para o ano 2018 que está fixada no 2,4% en relación co ano 2017.

O procedemento de elaboración será a Liquidación do orzamento do ano 2016, sobre o que se aplica a TRCPIB do ano 2017 (2,1%) e sobre esta, a TRCPIB para o ano 2018 (2,4%).

Coa excepción tendencial do gasto e dos ingresos e a actualización en trámite dos impostos e taxas que se relacionarán, non se adoptaron a esta data, decisión algunha que supoña un aumento ou redución do gasto, nin supresión de organizacións ou organismos (Por acordo do Pleno en sesión de 26/10/2015, disolvéronse os OO.AA Instituto Municipal dos Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Parque das Ciencias Vigo Zoo), a esta data, está en fase de Liquidación a Fundación Intermunicipal da Enerxía (FAIMEVI). Tampouco hai axustes de servizos máis aló daquelas diferenzas que poden xurdir pola contratación de servizos polo remate do contrato vixente como é o caso da Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, Limpeza Viaria, Mantemento de contedores e Recollida Selectiva de Lixo. Polo tanto, coas excepcións que se comentarán, non tiveron repercusión nos marcos orzamentarios para o período 2018-2020, nin nas liñas fundamentais do orzamento do ano 2018.

En relación ás modificacións que se materialicen en determinadas competencias que poden ser obxecto de variación pola modificación do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por aplicación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, e coa Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, na que se establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade na





Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 9 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5FC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
E DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

prestación dos servizos xa establecidos, polo tanto, o impacto real da Lei 27/2013, quedou amortecido pola Lei Galega, polo que, a devandita norma non vai xerar efectos nas liñas fundamentais do orzamento do ano 2018.

Expediente 47/142

No entanto o anterior, si se vai a reflectir o contido do artigo 69 da Lei 2/2017 de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación , en relación co réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar polos Concellos e Mancomunidades en materia de escolas infantís e centros de día.

*Competencia para a aprobación das liñas fundamentais do orzamento do ano 2018*

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, e será aprobado por la Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión de Orzamentos e Facenda.

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro da TRCPB, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente, aínda que se deberá dar conta ao Pleno da Corporación, por ser este o órgano que ten competencia para aprobalos, aínda que esta dación de conta non é vinculante.

En execución dese mandato legal, elaboráronse as liñas do orzamento que agora van ser sometidas á aprobación.

Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, as liñas fundamentais do orzamento do ano 2018.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 10 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5FC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
E DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

*Criterios tidos en conta para a formación liñas orzamentarias*

As liñas fundamentais do orzamento da entidade local deberán elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de: Entidade local principal. Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal. Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais e estean sectorizados como Administración Pública.

En relación co estado de Gastos

Non hai modificacións significativas nos criterios de orzamentación que dificulten unha comparativa homoxénea co exercicio precedente, coa excepción de reflectir no Orzamento do ano 2018 as anualidades correspondentes ao Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro. O financiamento que lle corresponde ao Concello é o 20% e ao FEDER o 80%. Tamén quedan reflectidos os convenios vixentes con outras Administracións, tanto Estatal como Provincial en relación co cofinanciamento de infraestruturas.

Non hai variacións en relación co previsto no marco orzamentario de medio prazo, sendo as contías previstas nas liñas fundamentais moi semellantes ao remitido no marco orzamentario de medio prazo en cumprimento do artigo 6 da Orde MAP/2105/2012, sempre tendo en conta os axustes que xera o Programa Operativo FEDER (DUSI), que afecta basicamente ao capítulo de investimentos. e ao de subvencións de capital do estado de ingresos do orzamento.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 11 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5EC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
E DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

Segundo Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, os gastos do ano 2018 tomaranse segundo as dotacións iniciais, mentres que as do ano 2017, faranse tendo en conta as previsións de obrigas que se van a recoñecer. É dicir, para o ano 2017, segundo o formulario F.2.1.2, debe facerse a proxección da Liquidación do estado de gastos, mentres que para o ano 2018 son as dotacións iniciais. A heteroxeneidade dos criterios, vai amosar unha contía superior en ingresos tendo en conta a previsión de Liquidación coñecida a esta data con todos os padróns aprobados que as previsións iniciais do ano 2018. En sentido contrario, hai unha estimación de obrigas recoñecidas na previsión da Liquidación do ano 2017 por contía inferior cos créditos iniciais previstos para o ano 2018.

A variación do gasto e a proxección das obrigas recoñecidas do orzamento ao período 2017-2018, está a respectar a TRCPIB, polo tanto, en ningún caso a variación non só non excede esa marxe, senón que se mantén por debaixo, baseando a variación sempre sobre a Liquidación do Orzamento do ano 2016 e a prevista para o ano 2017.

As variacións que se conteñen na formación das liñas fundamentais do orzamento do ano 2018, teñen base nas directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda que forman parte do expediente.

Os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, etc. As previsións de liquidación do orzamento do ano 2017, ten a súa orixe nas porcentaxes de obrigas recoñecidas nos últimos cinco anos. Ademais do histórico, tamén se toma en consideración as obrigas recoñecidas a esta data así como os expedientes en trámite correspondentes aos investimentos e as previsións de obrigas que en cada caso poden xerar ao longo do ano 2017, de aí que a base de cálculo que se está a ter en consideración, é unha base obxectiva con un alto grado de certeza.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 12 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5EC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

## CONCELLO DE VIGO

## INTERVENCIÓN XERAL

E

## DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

## Gastos do capítulo I

Se proxecta un crecemento normativo do 1%. Esta previsión de crecemento non está fundamentada nun crecemento da plantilla, senón nunha previsión de actualización das retribucións mediante Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para ese período, de non concorrer tal variación, non será de aplicación.

En relación coa execución da Taxa de Reposición de Efectivos, estarase ao previsto na Lei de Orzamentos do Estado, aínda que a execución da mesma non suporá un aumento de dotacións orzamentarias, xa que se fará con cargo a postos vacantes que cumpran a condición da TRE. Estímase que se mantería unha TRE equivalente a do ano 2017: unha taxa do 100%, entre outros para corpos e forzas de seguridade do Estado que afecta tamén a Policía Local, manténdose esa taxa para o corpo de extinción de incendios e para determinadores sectores de actividade (Control e fiscalización, Contabilidade, Inspección, Administración electrónica, Servizos xurídicos..., e para o resto, a TRE espérase do 50%.

Tamén se incorporan dotacións para facer fronte aos gastos de xestión do Programa Operativo DUSI, así como programas específicos da primeira experiencia laboral para menores de trinta anos e outro programa para vítimas da violencia de xénero.

En consecuencia, o gasto do capítulo I, terá un crecemento arredor do 1,65-1,70% en relación co inicialmente previsto no orzamento do ano 2017.

## Gastos do capítulo II

No ano 2018 a variación que se prevé en relación co gasto previsto do ano 2017, ademais dos contratos vixentes, vaise producir unha variación á alza como consecuencia da licitación e entrada en vigor no mes de abril do ano 2018 do novo contrato de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, Limpeza Viaria, Mantemento e reposición de contedores e Recollida Selectiva de Lixo.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 13 de 31

Expediente 47/142

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5EC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
E DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Tamén se incrementa a dotación para a prestación do servizo de salvamento, vixilancia e socorrismo en praias e o programa de medianeiras entre outros

Expediente 47/142

Outro programa que experimenta un incremento é o de festas e animación cultural e prestación de servizos e actividades deportivas.

Aínda que esta dotación hai que incorporala ao Capítulo IV e non no II, vaise a reflectir o contido do artigo 69 da Lei 2/2017 de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, en relación co réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar polos Concellos e Mancomunidades en materia de escolas infantís e centros de día que afecta ao programa de Benestar Social e de Educación.

A dotación deste capítulo, deberá incluír a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en tramitación, tendo en conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato. O incremento esperado é do 1,90%-2,10% en relación coa dotación do ano anterior.

Ademais das sinaladas nos parágrafos anteriores, o incremento tamén está xustificado pola variación dos índices de revisións e as preceptivas actualizacións dos contratos en termos da fórmula polinómica que lle afecte, aínda que hai contratos que tiveron baixas importantes no proceso de licitación dos servizos, hai prestacións que aumentaron o custe pola revisión prevista na Lei do Contrato, e outros novos nos que o prezo da prestación diminuíu, coas excepcións previstas, sendo a variación neta prevista en termos comparativos non superior ao 2,1% entre o orzamento previsto para o ano 2018 e o do ano 2017.

Se reflecten neste capítulo aquelas liñas do obxectivo (OT9), afectando aos programas de gasto 2310 e 2410 (Benestar Social e Emprego).

Para o ano 2018, non está prevista variación significativa pola implantación de novos servizos ou prestacións.

A porcentaxe de crecemento estará dentro do previsto nas directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 14 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5EC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

## CONCELLO DE VIGO

## INTERVENCIÓN XERAL

## E DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

Tendo en conta as limitacións da regra de gasto e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, os servizos que supoñan unha alteración cuantitativa, será sempre coa premisa de diminuir outro gasto como fonte compensatoria de financiamento (pay-go), ya que a variación da regra fiscal de gasto non poderá ser superior ao 2,4% /TRCPIB) .

Capítulo III, ten un carácter residual, xa que a Entidade non ten ningunha operación de préstamo ou débeda viva, polo que non hai devengo de xuros por este concepto, dotándose unha contía residual para facer fronte a xuros de mora e execución de avais.

Capítulo IV, hai un aumento na dotación para facer fronte ao contido do artigo 69 da Lei 2/2017 de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, en relación co réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en relación coas escolas infantís e centros de día, sendo a dotación prevista para esta finalidade nos dous programas orzamentarios de 555 mil euros.

En relación coas políticas de transporte público, se manteñen os coeficientes de bonificación do prezo, ademais tense en conta a ampliación do servizo ao Hospital Álvaro Cunqueiro. Nas dotacións anuais, está prevista a base imponible que se financia en cada uso mais o IVE (tipo 10%). Haberá que ter en conta a modificación en trámite da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, que afecta ao artigo 78, de tal forma que aquelas subvencións que non afectan a competencia, e teñan como finalidade favorecer a unha pluralidade indeterminada de individuos, poderán estar exentas, polo que, a achega que se faga tan só se corresponderá coa base imponible, o que suporá unha minoración importante destas aplicacións.

Incorpóranse as contías dos convenios a asinar coa Universidade de Vigo e co Consorcio da Zona Franca de Vigo.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 15 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5EC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL  
E DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 47/142

Nas dotacións feitas neste capítulo, estanse a manter as políticas de emprego, axudas para alimentos, axudas á carencia enerxética, axudas para alugueiros, axudas de emerxencia, becas e libros de comedor, subvención as políticas sociais de transporte público urbano, subvencións ao deporte, comedores sociais, transferencias á Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións, Mancomunidade, Entidade Menor de Bembrive, etc, é dicir, a estrutura vixente.

A variación en relación coa dotación do orzamento do ano 2017 estará arredor do 2,4%, dando así cumprimento ás directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda. No entanto, se se producise a modificación da Lei 37/1992, pode que non son se produza un incremento, senón que con toda seguridade, habería unha minoración deste capítulo que permitiría outros empregos alternativos en calquera dos capítulos da estrutura orzamentaria vixente.

Capítulo V, está destinado a reflectir o Fondo de continxencia que ten a súa regulación, no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, destinarase cando cumpra, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio, a súa regulación está prevista na Base 5 bis das de Execución do Orzamento. Non ten variación en relación co ano 2017. Pola contía da súa dotación, farase axuste de inejecución, xa que non se prevé continxencia algunha.

Como o Concello non está suxeito a ningún plan de axuste nin está acollido a ningún fondo dos previstos no Real Decreto Lei 17/2014, non está fixada unha porcentaxe. De concorrer as circunstancias anteriores, a dotación tería que ser do 1% sobre o gasto non financeiro, que estaría a representar unha contía de 2,5 millóns de euros.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 16 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5EC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO  
 INTERVENCIÓN XERAL  
 E  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Capítulo VI de investimentos. Ao igual que aconteceu no ano 2017, non se recorre ao mercado de capitais para a concertación de operacións de préstamo para o financiamento dos mesmos. Expediente 47/142

O financiamento das operacións de capital non financeiro, teñen como recurso o superávit ordinario, tendo en conta o Programa Operativo FEDER de Desenvolvemento Urbano Sostible (DUS) e os convenios asinados coa Excm. Deputación de Pontevedra en relación coa humanización da estrada Provincial e humanización da E.P Calvario a Garrida, tramo de Beade a Garrida, facéndose a previsión da primeira anualidade do gasto correspondente á execución prevista para o ano 2018 así como o do cofinanciamento das obras de mellora do Estadio de Balaidos.

En relación ao Programa DUSI, rexistrárase a subvención correspondente aos empregos previstos no Estado de gastos do Orzamento, tendo a súa repercusión basicamente non capítulo 6, aínda que algún programa reflicte o compromiso no capítulo 1 e 2. Os Servizos que teñen ao seu cargo o programa son: Administración electrónica (OT2), para o desenvolvemento integral dá administración electrónica: Lei 39 e 40/2015 e a Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Benestar social (OT9), con programas de integración de acordo ao plan financeiro obxectivos e liñas de actuación, tendo a súa aplicación non capítulo 2. Programa de Emprego (OT9), que ten o seu rexistro non capítulo 1 e 2.

Tamén queda reflectido neste capítulo, a totalidade dos empregos de capital non financeiro de carácter plurianual: 1ª anualidade do túnel de rúa Lepanto de acceso á estación do AVE. 2ª anualidade da rúa García Olloqui, García Lorca, Marqués de Valterra, ascensor de J.R Jimenez, ascensor da Praza da Isabel a Católica.

As previsións de gasto máis importante que se reflicten neste capítulo, ademais dos investimentos plurianuais citados e o investimento en instalacións deportivas, son os obxectivos OT4 e OT6, que afecta a totalidade das Liñas, correspondentes ao proxecto da Gran Vía e da Porta do Sol cuxa execución está prevista para os anos 2018-2019 que reflicte o programa 1539, sendo igualmente importante o programa 9207.





Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 47/142

Data impresión: 28/12/2017 18:28

Páxina 17 de 31

CSV: 28ED4-3EAAA-CD34A-AC5EC

